

### **SOMÉRXETE NA NATUREZA V (Pobra de Trives)**

**DATOS XERAIS:** Hotel As Maceiras

**ACCESOS:** <https://maps.app.goo.gl/mWKN4nXbfmsPBU1F8>

**ENDEREZO:** San Lourenzo 19, 32788 A Pobra de Trives (Ourense).  
Teléfono: 988 330 034

| <b>QUENDA</b> | <b>DATAS</b>               | <b>ANOS<br/>NACEMENTO</b> | <b>DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|---------------|----------------------------|---------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1             | 21-25 de xullo             | 13-14-15-16               | Roteiros, vivaque (dormir baixo as estrelas), tiro con arco, orientación na montaña, obradoiros de fauna e flora, rastros de fauna, visita ao Souto de Rozabales e castiñeiro de Pumbariños, baños naturais, xogos, obradoiros con material de refugallo, ecoxincana, visita teatralizada polos Sequeiros do Navea, xogo de rol e velada de animación. |
| 2             | 28 de xullo ao 1 de agosto | 13-14-15-16               | <b>NOTA:</b> Para participar neste campamento <b>non se esixe saber nadar.</b>                                                                                                                                                                                                                                                                         |

### **NORMAS XERAIS:**

1. As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
2. Ningunha persoa participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do/a director/a da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado (persoa que asinou os papeis de inscrición)**; no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou os papeis de inscrición) e do autorizado, así como o impreso de autorización que lles será facilitado o día da recepción.
3. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas alleas á instalación.
4. **Horario de chamadas:** no momento da recepción o equipo de monitorado comunicaralles ás familias os días en que se poderá contactar cos/coas menores (cun mínimo de 3 días durante a quenda) e o horario para as chamadas. Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles se os traen ou ben as familias poderán chamar ao/á menor nos teléfonos indicados na reunión de recepción. Tamén se permitirán as chamadas fóra do horario sinalado por causa xustificada.
5. As persoas participantes deberán levar o **DNI** e as **tarxetas sanitarias orixinais** (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas).



O día da incorporación deberánse comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.

**6.** Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro.

Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos, (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.

**7.** Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.

**8.** Nesta web, no apartado “Documentación para presentar (fase de adxudicación)”, está dispoñible o modelo de autorización para recollida do/a menor e outra información de interese.

### **INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES**

- A **incorporación** realizarase o **día do inicio da quenda correspondente**, entre as **18.00 e as 19.00 horas** no Hotel As Maceiras (Pobra de Trives).

Para comunicar calquera incidencia en relación coa incorporación poden contactar co teléfono **639 853 760** durante os **tres días anteriores á incorporación** ao campamento.

- O día de **remate da quenda, a recollida das persoas participantes** deberá facerse **entre as 16:00 e as 17.00 horas** na mesma instalación.

### **MATERIAL NECESARIO**

A equipaxe **débese preparar coa axuda do/a menor** para asegurarse de que reconece toda a roupa que leva e evitar extravíos. **Tanto a roupa como outras pertenzas** (toallas, móbil e cargador, se é o caso, etc.) **deben ir marcadas** (por exemplo, coas iniciais do nome e apelidos cun rotulador permanente).

- Toallas de aseo e de praia
- Bolsa para a roupa sucia. Non se poderá lavar ningún tipo de prenda na instalación.
- Útiles de aseo
- Crema protectora solar
- Traxes de baño
- Sombreiro ou gorra
- Roupas deportiva e cómoda e roupa de abrigo
- Calzado cómodo para camiñar
- Chancletas
- Roupas interior suficiente para todos os días da quenda
- Pixamas
- Chuvasqueiro
- Mochila pequena de asa ancha para saídas
- Cantimplora
- Saco de durmir para vivaque nocturno

### **MATERIAL RECOMENDABLE**

A maiores, é aconsellable levar:

- Repelente para os mosquitos
- Calzado deportivo que sirva en caso de choiva
- Lanterna ou frontal
- Bolígrafo e caderno